COLEXIO DE CERVO

# PUCA QUERE SABER SOBRE...
# FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN
## (autor ao que se lle dedican as Letras Galegas)



**Actividades adaptadas do Seminario Galán**

Bibliotecas escolares de Galicia

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Voz Natura

# FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

## BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córgomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo. Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas. En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras. Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos. Deuse a coñecer como poeta co seu libro Bebedeira, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras. En México foi un dos fundadores da revista Vieiros, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista e da Hora de Galicia, un programa de radio que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos. Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.

1. Usando as claves secretas completa o nome dos tres libros de poemas que escribiu Florencio M. Delgado.










2. Colorea unha letra si e outra non para averiguar o título do libro de poemas dedicado por Florencio á súa terra de Valdeorras.

| | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B | O | E | C | B | I | E | L | D | R | E | P | I | S | R | U | A |

3. Como se chama a aldea onde naceu Florencio? Colorea.



4. Que fixo Florencio nas cidades de Palencia e Valladolid? Arrodea.

- Xogou nun equipo de fútbol.
- Mercou un coche eléctrico.
- Estudou primaria e bacharelato.
- Traballou de Mestre nun colexio.

5. Completa o texto usando as palabras do recadro.

| domingos | Dereito | cinco | radio | México | Celia |
|---|---|---|---|---|---|

- Florencio estudou ____________________ en Valladolid.
- Marchou a __________________________ onde casou con ________________ e tiveron ________________ fillos.
- «A hora de Galicia» era un programa de __________________________ que se emitía todos os ______________________.

6. Responde a estas preguntas cunha soa palabra e coa letra incial que se indica.

a) En que provincia galega naceu Florencio?

O ____ ____ ____ ____ ____ ____

b) En que estación do ano naceu?

V ____ ____ ____ ____

c) Como se chamaba a súa muller?

C ____ ____ ____ ____

d) Que día da semana estaba en antena o programa de radio A hora de Galicia?

D____ ____ ____ ____ ____ ____

7. Localiza No barullo de letras as palabras do recadro.

AVOGADO, CELIA, FLORENCIO, CONSUELO, VIEIROS, BEBEDEIRA , PROFESOR, OURENSE.



| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| V | A | Z | P | C | V | X | M | B | H | C |
| I | O | U | R | E | N | S | E | F | M | E |
| E | L | C | O | N | S | U | E | L | O | L |
| I | F | B | F | G | Z | Q | A | X | C | I |
| R | H | B | E | B | E | D | E | I | R | A |
| O | Z | M | S | X | A | V | G | L | B | H |
| S | A | V | O | G | A | D | O | C | X | V |
| F | L | O | R | E | N | C | I | O | V | C |

8. Cando naceu Florencio? Colorea.

21-maio-1954

4-xullo-1975

23-agosto-1903

8-xaneiro-2001




# COUSAS DO OUTONO

## CANTARENAS
## (BEBEDEIRA)

Andan á roda no ceo
os fillos do sol e a choiva;
as árbores xogan ás chapas
cos patacóns das súas follas.

De brétemas alfaiate,
fíxolle o río roupa ao val,
coa tesoira das raiolas
anda o sol por lla rachar.

Nas amoladeiras nubes
o reuma, bo zapateiro,
afía as súas coitelas
para traballar no inverno.



***alfaiate:*** *xastre*

## 9. Adiviña, adiviñanza... Colorea.

*"Cando chove e vai sol, todas as cores téñoas eu".*

ARCO DA VELLA

ILLA DE ONS

O RÍO SIL

O MONTE PINDO

## 10. Une cada símbolo co seu significado.

**SOLLEIRO** **CHOIVA** **NÉBOA**



**NUBRADO** **TREBOADA** **NEVE**

## 11. Localiza no seguinte barullo de letras as palabras do exercicio anterior.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | R | E | B | O | A | D | A |
| Q | D | F | A | C | G | H | I |
| N | U | B | R | A | D | O | N |
| V | B | O | F | U | P | E | E |
| C | H | O | I | V | A | B | V |
| A | M | N | E | B | O | A | E |
| S | O | L | L | E | I | R | O |

12. Hai unha profesión que aparece no poema. Emprega o código para descubrir cal é.






Serás quen de averiguar o nome desta outra profesión?



13. En que provincia está Vilamartín de Valdeorras, o concello natal de Florencio Delgado? Colorea

